

PROBAS PARA A OBTENCI3N CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA – 2021 (niveis Celga 2, 3 e 4)

Santiago de Compostela 26/09/2021

No DOG n^o 76, do 13 de setembro de 2021, **conv3canse as probas para a obtenci3n dos certificados de lingua galega, niveis Celga 2, 3 e 4, no ano 2021** (c3digo de procedemento PL500C).

- As persoas destinatarias son os **maiores de dezaseis anos ou que os fagan no ano natural da convocatoria, nacionais ou estranxeiras.**
- As probas dos distintos niveis Celga ter3n lugar nos meses de **novembro e/ou decembro de 2021, en Santiago de Compostela e en Ponferrada**, sempre que a evoluci3n da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 o permita. As datas concretas ser3n debidamente publicadas no **Diario Oficial de Galicia**, as3 como na p3xina web da **Secretar3a Xeral de Pol3tica Lingüística** (<http://www.lingua.gal>).
- As **sedes e horarios** para a realizaci3n das probas publicaranse **na p3xina web da Secretar3a Xeral de Pol3tica Lingüística** (<http://www.lingua.gal>) xunto coas listaxes definitivas das persoas admitidas.
- O prazo de **inscrici3n e de pagamento estar3 aberto do 14 de setembro ao 4 de outubro de 2021**. O formulario de solicitude estar3 dispoñible na sede electr3nica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>). As persoas interesadas deber3n indicar nel a proba ou as probas 3s que solicitan presentarse, as3 como a localidade, e dirixilo 3 Secretar3a Xeral de Pol3tica Lingüística.
- As persoas interesadas **deber3n achegar coa solicitude a seguinte documentaci3n:**
 - o a) **Xustificante de pagamento da taxa** (c3digo 304401). As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %, logo da xustificaci3n documental, estar3n exentas do pagamento desta taxa.
 - o b) **Copia do certificado de discapacidade** expedido por unha Administraci3n distinta da Comunidade Aut3noma de Galicia, se 3 o caso.

A documentaci3n complementaria presentarase preferiblemente por v3a electr3nica. Opcionalmente, as persoas interesadas poder3n presentar a documentaci3n complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo com3n.

As persoas interesadas **presentaranse o día de realización das probas, na sede e na hora que se publiquen na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística** (<http://www.lingua.gal>) xunto coas listaxes definitivas das persoas admitidas, irán provistas do documento que acredite a súa personalidade (DNI, NIE ou pasaporte) e mais dun bolígrafo. Non se admitirá ningún tipo de material de apoio. Ademais, deberán respectarse todas as normas de prevención e hixiene que se establezan por mor da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

A duración das probas é a seguinte:

- **Probas do Celga 1:** a proba escrita terá unha duración de dúas horas e a proba oral terá unha duración máxima de 10 minutos.
- **Probas do Celga 2:** a proba escrita terá unha duración de dúas horas e a proba oral terá unha duración máxima de 10 minutos.
- **Probas do Celga 3:** a proba escrita terá unha duración de dúas horas e media e a proba oral terá unha duración máxima de 15 minutos.
- **Probas do Celga 4:** a proba escrita terá unha duración de tres horas e a proba oral terá unha duración máxima de 15 minutos.

A proba oral correspondente a cada nivel Celga será posterior á proba escrita. Unha vez que remate a proba escrita publicaranse, na sede correspondente, os chamamentos para a proba oral, nos cales se indicará a hora en que cada persoa deberá estar presente para realizala. A proba oral será gravada como garantía do proceso. **O chamamento, tanto para a proba escrita como para a proba oral, será único.** Quen non se presente cando este se efectúe perderá o dereito á realización da proba.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística expediralles os certificados ás persoas que superen as probas. Os certificados constarán nun rexistro oficial en que figurarán os seguintes datos: nome e apelidos, número de DNI, NIE ou pasaporte, lugar, data e resultados das probas e identificación alfanumérica dos certificados. A solicitude para participar nas probas comporta a autorización para o tratamento telemático dos citados datos para este fin.